

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA



IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA
CURSO 2022-2023

ÍNDICE:

1.Introdución e contextualización	3
2.Composición do Departamento	5
3.Distribución das materias	5
4.Programación das materias da ESO	6
4.1. Obxectivos xerais de secundaria.	6
4.2. Programación de Xeografía e Historia de 2º e 4º da ESO.	8
4.2.1.Introdución.	8
4.2.2.Contribución da materia ao logro das competencias clave	9
4.2.3.Concrecións metodolóxicas.	11
4.2.4.Grao mínimo de consecución para superar a materia.	13
4.2.5. Contidos curriculares.	22
4.2.6.Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias claves dos criterios de avaliación–estándares de aprendizaxe/ criterios de avaliación.	20
4.2.7.Materiais e recursos.	47
4.2.8. Criterios sobre avaliación, cualificación, promoción e titulación do alumnado.	47
4.3 Medidas de atención á diversidade e inclusión na ESO.	53
4.4 Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes da ESO.	55
4.5 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente na materia.	56
5. A concreción dos elementos transversais	60
6. Contribución ao Proxecto Lector	61
7. Fomento das TIC	62
8. Actividades complementarias e extraescolares.	65
9. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	66
10. Programación de Economía de 4º da ESO.	69
11. Información ao alumnado.	77

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O IES Plurilingüe Pedra da Aguia está ubicado na localidade de A Ponte do Porto, no Concello de Camariñas. Concretamente no lugar denominado “A Devesa”, ao pé do monte Pedra da Aguia, que lle dá nome ao centro.

Camariñas é un concello costeiro, situado no corazón da Costa da Morte, e que ademais pertence á comarca de Terra de Soneira. A Costa da Morte é unha zona de nivel socioeconómico medio-baixo, con moi escaso tecido industrial e cun problema xa vello: as malas comunicacións co resto de Galicia que dificultan, en boa medida, o desenvolvemento económico e a dinamización das oportunidades da vida cotiá.

O Instituto recibe alumnado procedente dos seguintes centros adscritos. Son tres: o CEIP Ponte do Porto, o CEIP O Areal e o CEIP de Camelle. Os nosos alumnos e alumnas cursan a oferta formativa da Educación Secundaria: 1ºESO, 2ºESO, 3ºESO, 4ºESO, para posteriormente continuar co Bacharelato ou con programas de Formación Profesional, xa en Concellos veciños como Cee ou Vimianzo.

Como características singulares da contorna, podemos facer fincapé no nivel socioeconómico antes mencionado, xa que este condiciona a vida de gran parte do alumnado. A principal actividade económica é o traballo no mar (pesca de baixura e marisqueo) nas localidades costeiras: Camariñas, Camelle, Arou e Santa Mariña. Nas demais localidades (Xaviña, Brea, O Allo, A Ponte do Porto, etc), a economía familiar complementase coa agricultura, o comercio, a construción, a artesanía do encaixe de bolillos e, sobre todo, a emigración. Todo isto fai que en moitas familias dos alumnos haxa membros adicados ao mar, ou traballando fóra do país, especialmente en Suíza. Este feito da emigración, se ben supón un sostén económico para as economías domésticas, é unha barreira psicolóxica para unha parte do alumnado do noso centro, que non percibe un estímulo no ámbito local máis inmediato para se esforzar, superar e emprender, no propio ámbito académico. Neste punto, o centro educativo, e nomeadamente o Departamento de Xeografía e Historia pola mesma natureza das súas materias, podería funcionar como motor de consciencias para transformar a sociedade da que o noso alumnado xa é parte.

Para este curso 2022-2023, o alumnado escolarizado no IES Plurilingüe Pedra da Aguia ascende a 168 alumnos, que son organizados da seguinte maneira:

NIVEIS	Nº ALUMNADO	GRUPOS
1º ESO	50	2
2º ESO	42	2
3º ESO	43	2
4º ESO	26	1

REPARTO DE ALUMNADO POR NIVEL E GRUPO	
1º ESO A	25
1º ESO B	25
2º ESO A	21
2º ESO B	21
3º ESO A	22
3º ESO B	14
PDC	7
4º ESO	26
TOTAL	161

No centro contamos cunha mestra de PT a tempo completo e unha mestra de AL, con presenza no Centro un día, para tratar a alumnado con NEE e aos dous alumnos ucraínos.

Tamén contamos con:

- ✓ Programa PROA+ de apoio á PT
- ✓ Programa de Diversificación Curricular en 3º da ESO con 7 alumnos.
- ✓ Contratos-Programa: Innova (EDUsaúde) e Inclúe (Convive-t, Iguala-t, Emociona-t)
- ✓ Plans Proxecta: Proxecto Terra, Proxecto Ríos, Quérote+ e Proxecto de vida activa e saudable
- ✓ Programa FOGGA de froitas frescas, lácteos e castañas
- ✓ Programa Mar na Escola
- ✓ Programa de concienciación medioambiental
- ✓ Programas de Inmersión Lingüística: Digital week e Spring week
- ✓ Centro Plurilingüe: este ano impártense en inglés Ed. Plástica e Visual en 1º e 3º da ESO, Hábitos Saudables en 2º da ESO e Historia en 4º da ESO.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Os profesores que están integrados no Departamento de Xeografía e Historia son:

Pablo Rodríguez Baleirón: Xefe de Departamento.

Jacobo Santos Solla: Xefe de Estudos.

As reunións ordinarias do Departamento serán os venres ás 9.20, unha vez ao mes. En canto a posibles reunións extraordinarias, o día e a hora serán consensuados en función da urxencia e complexidade dos temas a analizar/debater e da dispoñibilidade horaria dos seus membros.

3. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ASIGNADAS AO DEPARTAMENTO

As materias asignadas a este Departamento e a relación de niveis, número de alumnado e horas, quedan reflectidas na seguinte táboa:

MATERIA e NIVEL	PROFESORADO	HORAS SEMANAIS
Xeografía e Historia 1ºESO	PABLO RODRÍGUEZ	3 x 2 grupos
Xeografía e Historia 2ºESO	PABLO RODRÍGUEZ	3 x 2 grupos
Xeografía e Historia 3ºESO	JACOBO SANTOS	3 x 2 grupos
Historia 4ºESO Bilingüe	PABLO RODRÍGUEZ	3 x 1 grupo
Economía 4º ESO	JACOBO SANTOS	3 x 1 grupo

Ademais do anterior reparto de materias, neste departamento, Pablo Rodríguez completa o seu horario coa Xefatura do Departamento de Xeografía e Historia, unha tutoría e varias gardas. Pola súa parte, Jacobo Santos desempeña o cargo de Xefe de Estudos e completa o seu horario con varias gardas (de transporte, de cargo directivo e de clase), a presenza en varias comisións (Convivencia, Extraescolares e Plurilingüe).

4. PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DA ESO

4.1.OBXECTIVOS XERAIS DE SECUNDARIA

O ensino das ciencias sociais, xeografía e historia, na Educación Secundaria Obrigatoria, contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que impliquen discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a practica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medioambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade.

4.2.PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

4.2.1.INTRODUCCIÓN.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade. A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano"; a Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tense en especial consideración dous factores: por unha banda procúrase unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, inténtase secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade formará parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Terase en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención

especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

4.2.2.CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA E HISTORIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE NA ESO.

A través da materia Xeografía e Historia desenvólvense competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO. Polo que centraremos a atención, en relación a:

- Competencias Sociais e cívicas (CSC): Fomentar a colaboración, o traballo en equipo e o respecto as opinións alleas; comprender as transformacións realizadas polos seres humanos e valorar as achegas culturais do pasado.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC): Desenvolver a sensibilidade cara á expresión artística; coñecer e valorar as achegas estéticas da Prehistoria e Idade Antiga; fomentar actitudes de respecto e protección do patrimonio artístico; adquirir destrezas para a observación comprensiva das obras de arte e valorar a arquitectura e outras artes como fontes de coñecemento do pasado.
- Comunicación lingüística (CCL): Favorecer a lectura comprensiva de textos históricos e xeográficos; producir textos coherentes e correctos; comentar oralmente e por escrito climogramas, gráficas, mapas, imaxes, vídeos, etc; definir conceptos, explicar oralmente cuestións coa axuda do encerado dixital, discriminar enunciados verdadeiros e falsos, comparar informacións sobre unha mesma cuestión e redactar informes.

- Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): Construír táboas, elaborar climogramas, calcular distancias con escalas numéricas e gráficas, realizar cálculos con dimensións relacionadas coa Xeografía, resolver problemas con fusos horarios, seleccionar datos dun gráfico e resolver problemas relacionados coas temperaturas; elaborar eixes cronolóxicos, orientarse con planos e localizar puntos coas coordenadas xeográficas; comprender as relacións entre clima e tipos de vexetación e cultivos e razoar sobre a contaminación e deterioro ambiental; localizar no espazo e no tempo feitos históricos e analizar o medio xeográfico en relación coa aparición das civilizacións fluviais, en especial a Exipcia.
- Competencia dixital (CD): Procurar e interpretar información recollida de páxinas web de aspectos xeográficos e históricos; obter información da cartografía, ilustracións, imaxes, táboas, gráficas, etc; coñecer as iconas e símbolos empregados na cartografía; establecer criterios de selección da información; distinguir os aspectos relevantes dunha información e comparar informacións sobre unha mesma cuestión.
- Aprender a aprender (CAA): Espertar o gusto pola aprendizaxe continua; debater e contrastar opinión; coñecer e valorar diversas fontes de información; desenvolver hábitos de organizar a información recollida e empregar recursos como esquemas, liñas do tempo, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): Planificar estratexias adecuadas para resolver actividades e situacións da vida; valorar as consecuencias das accións a realizar; argumentar con propiedade e coherencia os puntos de vista propios e acostumarse á autoavaliación.

4.2.3. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O tratamento metodolóxico da materia axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Como traballar de xeito competencial na aula supón que o docente pasa a ser orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, na área de Ciencias Sociais / Xeografía e Historia:

Por un lado o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os aspectos mais relevantes da xeografía física e humana e os grandes feitos históricos, das súas vantaxes e das implicacións éticas. Para isto precisamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual. Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades, que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Nesta materia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Os membros do Departamento que imparten esta materia optamos por un modelo de aprendizaxe significativo ou aprendizaxe por descubrimento, centrado en tres principios básicos: “aprender a aprender”, busca da autonomía e o conflito cognitivo. Empregaremos unha metodoloxía activa, que permita ao alumnado implicarse nas tarefas que estea a realizar, empregando procedementos variados que dotan á clase de dinamismo e axilidade. Como consideramos que o alumnado debe ser protagonista destacado no proceso de ensino-aprendizaxe, fomentaremos as actividades interactivas e procuraremos abandonar métodos pedagóxicos de carácter dirixista, orientados á fixación de verdades academicamente incuestionables e as actitudes individualistas competitivas.

Esta proposta metodolóxica terá como premisas clave: O coñecemento integral dos alumnos. A comunicación fluída profesor/alumnos. A integración do alumno no grupo e na sociedade. A transmisión rigorosa da información. O estímulo da curiosidade e do interese. A responsabilidade e o rigor. O espírito crítico e a independencia intelectual. A participación activa na elección, planeamento e execución das actividades. A aposta polo ensino participativo/cooperativo. O respecto a multiculturalidade e a atención a diversidade. O emprego das Tics. A máxima integración da xeografía, a historia e a arte. O fomento da interdisciplinaridade. O autocontrol.

A finalidade última será que os alumnos sexan progresivamente capaces de aprender de xeito autónomo/cooperativo. O punto de partida do proceso de aprendizaxe será sempre o nivel de desenvolvemento do alumnado, desde o que se van emprender os novos aprendizaxes. No proceso de aprendizaxe daremos prioridade ao emprego das Tics, tanto a través de presentacións de Power Point como de acceso a páxinas Web; á comprensión dos contidos, fronte ao seu aprendizaxe mecánico; á reflexión persoal, sobre o traballo realizado, e a elaboración de conclusións, relativas aos temas tratados.

Para desenvolver esta opción metodolóxica, faremos uso de diversas variantes estratéxicas, como o recurso a: presentar fenómenos discrepantes, suscitar conflitos conceptuais, solicitar estudos monográficos, propoñer análises/comentarios, reclamar observacións/valoracións críticas da información, esixir tratamento rigoroso da información, organizar debates entre alumnos ou introducir aprendizaxe cooperativo. Manteremos unha adecuada e continuada coordinación entre os docentes que impartan esta materia.

4.2.4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

1º Ciclo de ESO. 2º Curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO ESO. 2º CURSO.
1. Localizar espazos xeográficos e lugares mais relevantes nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2. Enumerar e describir as principais peculiaridades do medio físico español e galego.
3. Situar nun mapa físico as unidades do relevo español fundamentais.
4. Describir cun mínimo de rigor as mais destacables unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
5. Situar cun mínimo de precisión nun mapa físico as unidades do relevo galego fundamentais.
6. Describir cun mínimo de rigor as unidades fundamentais de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
7. Localizar cun leve marxe de desviación nun mapa os mais destacables conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
8. Analizar e comparar cun mínimo de rigor as principais zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.
9. Localizar cun leve marxe de desviación nun mapa os principais espazos bioclimáticos de Galicia.
10. Distinguir cun mínimo de precisión e localizar cun leve marxe de desviación nun mapa as paisaxes mais relevantes de España e de Galicia.
11. Realizar cun mínimo de rigor procuras sinxelas en medios impresos e dixitais referidas aos mais graves problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localizar páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
12. Localizar no mapa mundial os continentes e, cun leve marxe de desviación, as principais áreas máis densamente poboadas.
13. Explicar cun mínimo de precisión o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
14. Explicar cun mínimo de precisión as características mais relevantes da poboación europea.
15. Comparar cun mínimo de rigor, entre países, a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.
16. Explicar cun mínimo de precisión os aspectos mais relevantes da pirámide de poboación actual de España e das súas comunidades autónomas.
17. Analizar cun mínimo de rigor en distintos medios os aspectos mais significativos dos movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.

18. Coñecer cun mínimo de exactitude as claves do proceso da emigración galega, as súas grandes etapas e os destinos principais.
19. Realizar cun mínimo de rigor un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
20. Situar cun mínimo de precisión no mapa do mundo as dez cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica de xeito sinxelo a súa posición e conómica.
21. Resumir cun mínimo de rigor elementos mais relevantes que diferencien o urbano e o rural en Europa.
22. Distinguir os principais tipos de cidades do noso continente.
23. Interpretar cun mínimo de rigor textos que expliquen as principais características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.
24. Situar cun mínimo de precisión os principais parques naturais españois nun mapa, e explicar a singular situación actual dalgúns deles.
25. Elaborar, cun mínimo de densidade de datos, gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica básica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
26. Clasificar cun mínimo de rigor as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.
27. Comparar cun mínimo de coherencia paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.
28. Identificar cun mínimo de precisión elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
29. Nomear cun mínimo de rigor e identificar mínimo de precisión catro clases de fontes históricas.
30. Comprender cun mínimo de asimilación que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
31. Ordenar cun mín. de exactitude temp. algúns feitos históricos e outros salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
32. Realizar cun mínimo de rigor diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
33. Entender cun mínimo de certeza que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
34. Utilizar cun mínimo de rigor o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
35. Utilizar cun mínimo de rigor as fontes históricas e entender os límites do que se pode escribir sobre o pasado.
36. Comparar cun mínimo de coherencia as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.
37. Caracterizar cun mínimo de rigor a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.

38. Comprender cun mínimo de certeza as orixes do Islam e o seu alcance posterior.

39. Explicar cun mínimo de rigor a importancia de Al-Andalus na Idade Media.

40. Interpretar cun mínimo de precisión mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.

41. Explicar cun mínimo de rigor a importancia do Camiño de Santiago.

42. Comprender cun mínimo de certeza o impacto mais relevante dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.

4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º DE ESO.

1. Establecer, a través da análise de textos, a diferenza fundamental entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.

2. Distinguir conceptos históricos como Antigo Réxime, Ilustración, Despotismo Ilustrado.

3. Describir as características mais relevantes da cultura da Ilustración e as implicacións principais que ten nalgunhas monarquías.

4. Sopesar as principais razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.

5. Redactar os principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais básicas, e sinala os pros e os contras mais relevantes.

6. Analizar as características da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.

7. Analizar e comparar os trazos básicos da industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

8. Explicar a esencia da situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

9. Expoñer as repercusións políticas fundamentais dos principais cambios económicos en España.

10. Elaborar un eixe cronolóxico cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

11. Explicar razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

12. Saber recoñecer as interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.

13. Diferenciar os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.

14. Analizar de xeito sinxelo o novo mapa político de Europa que xurde da I Guerra Mundial

15. Coñecer o alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

16. Recoñecer e comentar sucintamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte dos séculos XIX e XX.

17. Relacionar as crises financeiras de 1929 e de 2008.
18. Explicar as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
19. Explicar os factores fundamentais que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
20. Explicar as principais reformas durante a II República española.
21. Explicar as principais causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
22. Coñecer por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
23. Narrar as causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
24. Recoñecer o significado do Holocausto na historia mundial.
25. Coñecer algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
26. Describir os feitos mais relevantes do proceso descolonizador.
27. Distinguir o proceso de descolonización en África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).
28. Explicar os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.
29. Coñecer a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco
30. Interpretar o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo.
31. Analizar os aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.
32. Coñecer os feitos mais destacados da Transición española nos anos setenta do século XX e da actualidade.

4.2.5. CONTIDOS CURRICULARES:

2º Nivel da ESO.

- B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.
- B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.
- B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.
- B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.
- B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.
- B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.
- B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.

Bloque 2. O espazo humano

- B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.
- B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.
- B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.
- B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.
- B2.5. Proceso de urbanización no planeta.
- B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.
- B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.
- B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.
- B2.9. Paisaxes no territorio español e galego.
- B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España.

Bloque 3. A historia

- B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.
- B3.2. Fontes históricas.
- B3.3. Cambio e continuidade.
- B3.4. Tempo histórico.
- B3.5. Vocabulario histórico e artístico.
- B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).
- B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.
- B3.8. Feudalismo.
- B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.
- B3.10. Reconquista e repoboación.
- B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.
- B3.12. Arte románica, gótica e islámica.
- B3.13. Idade Moderna: concepto e datación.
- B3.14. Renacemento e Humanismo: influencia posterior.

- B3.15. Arte renacentista e barroca.
- B3.16. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.
- B3.17. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.
- B3.18. Descubrimientos xeográficos: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.
- B3.19. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: Reforma, Contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos.

4º Nivel da ESO.

- B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.
- B1.2. Ilustración.
- B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.
- B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.
- B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español
- B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.
- B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.
- B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).
- B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso
- B3.5. A ciencia no século XIX.
- B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.
- B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.
- B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.
- B4.4. Revolución Rusa.
- B4.5. A arte no século XIX.
- B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.
- B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.
- B5.3. II República española e a Guerra Civil.
- B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.
- B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.
- B6.3. O Holocausto.
- B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrucción posbélica.
- B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.
- B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".

- B7.2. Crise do petróleo (1973).
- B7.3. Ditadura de Franco en España.
- B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.
- B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.
- B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia(1975-1982).
- B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.
- B9.1. A globalización económica: concepto e características.
- B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.
- B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.
- B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.
- B10.2. Cambio e continuidade.
- B10.3. Tempo histórico.
- B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.
- B10.3. Tempo histórico.
- B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.

4.2.6. CONCRECIÓN DA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN- ESTANDARES DE APRENDIZAXE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN :

Concreción da contribución ao desenvolvemento das competencias claves, dos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e os obxectivos e contidos curriculares de Xeografía e Historia.

2º Nivel da ESO

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. O medio físico.			
B, e, f, g	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT, CD
B, e, f, g, h	B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	CAA, CMCCT, CD, CCL
B, e, f, g, h	B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.	B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	CAA, CMCCT CD
			XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	CAA, CMCCT, CD, CCL
B, e, f, g, h	B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	CAA, CMCCT, CD
			XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	CAA, CMCCT, CD CCL
b	B1.5. Clima: elementos e factores.	B1.5. Coñecer e describir os grandes	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	CAA, CMCCT, CD, CCL

e f g h	Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	CAA, CMCCT CD
			XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	CAA, CMCCT, CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B, e, f,, g, h m ñ	B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA, CMCCT, CD CCL
	Bloque 2. O espazo humano			
B, c, e F, g	B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	CAA, CMCCT, CSC CD CAA, CMCCT, CSC CD
B, c, e f, g h	B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	CAA, CCL, CSC, CD CAA, CMCCT, CSC CD, CCL
B, c, e, f g h	B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	CAA, CMCCT, CSC CD, CCL CAA, CMCCT, CSC CD, CCL
B, c, e, f, g h	B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	CAA, CMCCT, CSC CD, CCL
B, c, e, f	B2.5. Proceso de urbanización no	B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana	CAA, CMCCT, CSC CD, CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g	planeta.	áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	no mundo.	
h			XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	CAA, CMCCT, CSC CD, CCL
B, c, e, f	B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	CAA, CMCCT, CSC CD, CCL
g			XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL
h				
B, c, e, f, g,	B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	CAA, CMCCT, CSC CD, CCL
h				
ñ				
B, c, e, f,	B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.	B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	CAA, CMCCT, CSC, CD CCL
g			XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barras e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	CAA, CMCCT CCL CD
h				
m				
ñ				
B, c, e, f, g, h	B2.9. Paisaxes no territorio español e galego.	B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	CAA, CMCCT, CSC, CD CCL
M, ñ				
B, c, e, f, g, h,	B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España.	B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontalos.	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	CAA, CMCCT, CSC, CD CCL
M, ñ				

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso.

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 3. A historia			
f l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúeneles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC, CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais outextuais.	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
			XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC, CMCCT
F, l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que as culturas convivían e á vez en varios enclaves xeográficos diferentes.	CSC, CMCCT
L, h ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL
g l	B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A, c, d, g l	B3.7. Caída do I. Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. I. Bizantino e reinos xermánicos.	B3.7. Describir a novasituación económica, social e política dos reinos xermánicos.	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	CSC, CAA
A, c, d, g, l	B3.8. Feudalismo.	B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC
A, c, d, f, h, l n	B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	CSC, CCEC
			XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	CSC, CCEC, CMCCT, CCL.
G, h, l n ñ	B3.10. Reconquista e repoboación.	B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	CSC, CAA
			XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	CSC, CCEC, CCL
L,	B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.	B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	CSC
L, h, n ñ	B3.12. Arte románica, gótica e islámica.	B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	CSC, CCEC CCL
G, l	B3.13. Idade Moderna: concepto e datación.	B3.13. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	XHB3.13.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	CSC, CAA

F,g ,h, l, n	B3.14. Renacemento e Humanismo: alcance posterior.	B3.14. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas ante. e posteriores	XHB3.14.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	CSC, CCEC, CAA CCL
L, n, ñ	B3.15. Arte renacentista e barroca.	B3.15. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.	XHB3.15.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	CSC, CCEC, CMCCT, CCL
G, h, n	B3.16. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.	B3.16. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	XHB3.16.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	CSC, CCEC, CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
ñ				CCL
A, c, d, g l	B3.17. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.	B3.17. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.	XHB3.17.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC, CAA
A, c, d, g, l	B3.18. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.	B3.18. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	XHB3.18.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	CSC CAA
f g h l m	B3.19. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.	B3.19. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	XHB3.19.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	CSC, CMCCT CAA, CCL
XHB3.19.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.			CSC	
XHB3.19.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.			CSC, CAA CCL	
- Uso dunha rúbrica para avaliar os traballos grupais ou individuais que así sexan acordados, para traballar aspectos concretos ou de ampliación sobre algunha das unidades didácticas.
- Cada trimestre realizaranse varias probas escritas sobre os contidos desenvolvidos durante esa avaliación.

O sistema de avaliación empregado establece as seguintes porcentaxes globalizadoras sobre o facer do alumnado a partir dos estándares traballados ao longo do trimestre.

Son os seguintes para cada nivel e materia:

2ºESO. XEOGRAFÍA E HISTORIA

80%	Proba escrita, traballo de investigación, exame con preguntas variadas.
20%	Caderno: na que se terá en conta a limpeza, a orde, a escrita, a realización das actividades encomendadas. Actividades encomendadas: neste caso valorarase se as teñen feitas ou non, xa que o que se pretende é comprobar o seu traballo diario na aula e nos seus fogares.

4ºESO. HISTORIA

80%	Proba escrita, traballo de investigación, exame con preguntas variadas.
20%	Caderno: na que se terá en conta a limpeza, a orde, a escrita, a realización das actividades encomendadas. Actividades encomendadas: neste caso valorarase se as teñen feitas ou non, xa que o que se pretende é comprobar o seu traballo diario na aula e nos seus fogares.

4º ESO.ECONOMÍA

60%	Probas escritas
40%	Traballo na casa e sobre todo na aula.

Sistema de puntuación empregado:

Sempre se terá en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, especialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas. As faltas de ortografía sancionaranse cun máximo de 1 pto. en base aos seguintes condicionantes, se ben nunca comprometerán a superación dunha proba, pois esta medida terá como límite de aplicación unha calificación de 5:

- Ata 10 faltas ortográficas restarase da nota do exame, proba, traballo... –0,5ptos.
- Entre 10 ou superior, restarase –1pto.

Cualificación da avaliación

As cualificacións de cada avaliación serán consignadas na acta e boletín correspondentes, de conformidade co establecido na normativa vixente.

- Será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superar cada avaliación.
- O alumnado de 2º e 4º da ESO poderá realizar recuperacións trimestrais. Estas probas realizaranse á volta das vacacións (despois do Nadal para a 1ª avaliación e despois da Semana Santa na 2ª avaliación) e coa posibilidade de realizar unha recuperación final antes das vacacións de verán.
- Excepcionalmente, **para alumnado con medidas de atención á diversidade**, o departamento de Xeografía e Historia **valorará a progresión global do traballo e rendemento positivo** do alumnado en cuestión apoiado en rexistros obxectivos, de tal xeito que, aqueles que teñan avaliacións suspensas, na avaliación final ordinaria de xuño, podan quedar exentos de recuperar ditas avaliacións; en caso de dúbida, poderase plantexar un traballo específico para ese alumnado próximo ao aprobado, a xulgar polos rexistros de aula de todo o ano académico.
- En 2º e 4º da ESO, a nota de xuño será a media aritmética de todas as avaliacións.
- En 2º e 4º da ESO, no mes de xuño realizáranse recuperacións para o alumnado que teña a materia suspensa, co obxectivo de aprobar as avaliacións suspensas e recuperar a materia antes das vacacións de verán. Estas recuperacións constarán da combinación de exames e traballo de aula (exercicios na libreta, traballos voluntarios de exposición, etc.). No caso do alumnado que teña a materia aprobada terá a posibilidade de aumentar de 0 a 1 punto a súa cualificación coa realización de tarefas similares.
- Para estas probas de recuperación, rexeran os mesmos contidos, criterios e instrumentos de avaliación previstos para este curso académico e presentes nesta programación.

4.3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN NA ESO

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos.
- Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A partir dos resultados da avaliación inicial poderemos:

- Identificar os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran unha atención específica, pola súa historia familiar, etc.).
- Decidir as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno co resto

de docentes que interveñen nos itinerarios de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos para este curso, teremos en conta a seguinte relación:

1. ADAPTACIÓN CURRICULAR BÁSICA: os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte do alumnado.
2. AMPLIACIÓN: fichas para fotocopiar con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
3. COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
4. PLANS INDIVIDUAIS: dirixidos aos alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
5. ACTIVIDADES MULTINIVEL: posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, ás súas habilidades e/ou motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde cos seus intereses e/ou habilidades.
6. TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN: traballos que permiten o afondamento nunha temática concreta.
7. LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE: permiten espertar o interese do alumnado por ampliar o seu coñecemento, aínda que facéndoo ao seu propio ritmo. A aproximación a diversos temas mediante curiosidades e feitos sorprendentes promove que os alumnos poidan continuar o traballo máis aló da aula e de maneira totalmente adaptada ás súas necesidades e/ou habilidades

4.4.ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DA ESO.

4.4.1 PLAN DE TRABAJO PARA SUPERAR AS CIENCIAS SOCIAIS / XEOGRAFÍA E HISTORIA PENDENTES DO 1º CICLO DA ESO. REXIME DE ATENCIÓN AOS ALUMNOS/AS, CALENDARIO DE PROBAS E CRITERIOS SOBRE PONDERACIÓN E REDONDEO DAS CUALIFICACIÓN.

Para atender a aquel alumnado, que teña promocionado tendo pendentes, o profesorado que imparte materia no correspondente nivel a recuperar, será o encargado de supervisar cada grupo de alumnado con pendentes, sendo coordinados polo Xefe de Departamento:

- Convocará a estes alumnos para informarlles das datas das probas, parciais e final, dos contidos esixibles e dos traballos a elaborar e presentar ao longo do curso.
- Os alumnos de 2º, 3º e 4º coa materia/s pendente/s de cursos anteriores, deberán realizar cadernos de actividades sobre a materia pendente que deberá ser entregado.
- As datas de entrega serán anunciadas despois da avaliación inicial do curso en cuestión.
- Os alumnos con materias pendentes deberán, ademais, superar unha proba escrita sobre os contidos traballados nos cadernos de actividades.
- En todo caso, o profesorado responsable dos alumnos pendentes ou repetidores terá que deseñar un plan específico de actuación para cada un deles.

4.4.2.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE NA XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ESO.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación do desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada estándar/conxunto de estándares propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

1. Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
PROCESO DE ENSINO	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14. Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

1. RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO.

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

2. RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos/as.		

	8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Formula actividades en grupo e individuais.		

3. RÚBRICA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO ENSINO APRENDIZAXE..	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos alumnos/as.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados ós estudantes e ós pais.		

5. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A LOMCE introduce os seguintes elementos transversais:

- Compresión lectora(CL).
- Expresión oral e escrita(EOE).
- Comunicación audiovisual(CA).
- Tratamento das TIC (TIC).
- Emprendemento (EMP)
- Educación cívica e constitucional (ECC).
- Prevención da violencia(PV).

Estes elementos transversais ofrecen a posibilidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación; posto que posibilitan traballar a afectividade, os sentimentos, a autoestima, a autonomía persoal... pero tamén a pertenza ao grupo, a importancia de sentirse valorado e a iniciativa persoal. Os seis elementos transversais deben quedar incorporados aos contidos e obxectivos e integrados como un dos aspectos a avaliar e debemos telos en conta permanentemente a hora de organizar a aula, seleccionar lecturas e materiais curriculares, planificar secuencias didácticas, agrupar alumnos, seleccionar estratexias que permitan a colaboración e o protagonismos dos alumnos e alumnas.

Os membros deste Departamento empregaremos certas estratexias que facilitan o tratamento dos elementos transversais na actividade diaria como : diálogos, xogos de rol, adestramento de habilidades sociais, dinámicas de grupo , análise de situacións con valores en conflito, mediación na solución de conflitos, visionado e análise de cortometraxes, participación en actividades propostas por ONGs, deseño e valoración de iniciativas, análise da fiabilidade e seguridade das fontes das TIC e comentario sobre estados de ánimo reais/literarios.

Polo tanto o tratamento dos elementos transversais busca fomentar a autoestima, o esforzo, o afán de superación, o espírito crítico, a responsabilidade, a comunicación, a cooperación, a convivencia, a solidariedade, a tolerancia e o respecto.

Debemos concluír que o tratamento transversal da educación en valores debe impregnar a actividade docente e estar presente na aula de forma permanente.

Os espazos, datas e grupos de alumnos relacionados con estas actividades poderá sufrir variacións en función da oferta e da

programación xeral de actividades que deseñe a vicedirección.

Os criterios básicos para deseñar e realizar estas actividades serán: o valor formativo, a adecuación de cada actividade aos intereses e nivel de cada grupo de alumnos, a racionalidade e proporcionalidade entre todos os grupos/niveis do centro e a coherencia coas directrices da vicedirección.

6. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

No presente curso académico, en relación co Proxecto Lector de Centro, coidaremos os seguintes aspectos:

- Facer da Biblioteca do centro un espazo de referencia para o estudo das Ciencias Sociais: será lugar de traballo en moitas sesións do curso, especialmente cando se traballe a nivel grupal e a consulta de fontes escritas específicas para as áreas que impartimos, parte da actividade a desenvolver.
- Consulta de fontes de busca e selección de información diversas (libros, enciclopedias, prensa, revistas, fotografías...CDs, DVDs, cine, documentais, curtos, videoconferencias, páxinas web, blogs...).
- Respetaremos as quendas de lectura silenciosa e voluntaria que dispoña o equipo de coordinación de Biblioteca, para que o alumnado goce dun tempo de lectura por pracer.

Empregar a Biblioteca da aula, creada en colaboración coa Biblioteca do centro e con fondos da mesma. Tanto para complementar os contidos das materia como para fomentar o hábito lector do alumnado.

- Colaborar e suxerir ideas para dinamizar o hábito lector entre alumnado e profesorado, sempre en clave da nosa área de coñecemento.
- Prestar atención e valorar de xeito positivo, en todos os niveis e etapas e en todo tipo de actividades, a corrección ortográfica e gramatical dos textos redactados polo alumnado, así como nas súas intervencións orais, tal e como deixamos recollido na presente programación.
- Favorecer a competencia na comunicación de información, en todos os niveis e etapas, promovendo a súa expresión en diferentes linguaxes e soportes (expositorais, lecturas en silencio ou de viva voz, redacción de textos e resumos escritos, resposta por escrito a cuestionarios ou tarefas, confección de gráficos e táboas, elaboración de carteis, deseño de esquemas, mapas de conceptos, confección e interpretación de diagramas de fluxo, etc

7. CONTRIBUCIÓN ÁS TIC

As TIC están revolucionando o entorno social no que nos movemos, de tal xeito que os seus efectos se deixan sentir nas aulas. Ademais a introdución das TIC na ensinanza das Ciencias Sociais, favorece o acceso do alumnado ao coñecemento científico, polo seu papel de apoio significativo nos procesos de ensino e aprendizaxe, colaborando na adquisición dos instrumentos necesarios para indagar na realidade de xeito obxectivo, rigoroso e contrastado.

As TICs poñen ao alcance do alumnado e do profesorado textos, debuxos, imaxes, gráficos, animacións e sons... polo tanto, facilitan a busca de contidos nun extenso banco de informacións, permiten interactuar cos mesmos, reorganizalos e adaptalos a conveniencia, e establecer procesos de retroalimentación da información.

O emprego das TIC incrementa a motivación do alumnado e fai máis activa a participativa a súa cooperación na adquisición das aprendizaxes, ademais de capacitálo para o manexo destas tecnoloxías tan presentes na sociedade de hoxe en día, non como un fin en si mesmo senón cara a que desenvolvan co seu uso outras destrezas.

Co manexo das TIC pretendemos que os alumnos desenvolvan hábitos e actitudes positivas fronte aos traballos, individualmente ou colaborando en equipos, na busca de información en Internet e na posterior elaboración da mesma, favorecendo a súa concentración, a tenacidade e a flexibilidade. Consideramos que o emprego das TIC vai permitir:

- Complementar outras formas de aprendizaxe.
- Acceder á información que precisan, para as investigacións e traballos que desenvolvan.
- Elixir fontes de información en tempo real, accedendo aos recursos dispoñibles en institutos, museos, centros de ensinanza e universidades, fundacións e organismos oficiais e privados, de todo o mundo.
- Capacitar ao alumnado para saber seleccionar, valorar e utilizar o exceso de información, evitando que se converta nun “analfabeto tecnolóxico”.
- Xerar e acceder a materias educativos máis atractivos que permiten mellorar a adquisición de contidos complexos.
- Dispoñer do software e das ferramentas de uso libre ofertadas na rede, accesibles desde calquera dos terminais informáticos

conectados a ela.

- Adecuar os materiais, secuencias e procedementos ás necesidades detectadas para o grupo durante o proceso.
- Incrementar as propostas de busca de relacións entre contidos e de integración da información.
- Usar representacións, imaxes e sons para complementar traballos e exposicións.
- Incorporar contidos animados e interactivos.
- Utilizar presentacións de Power Point deseñadas de seu ou das dispoñibles na rede.
- Presentar de xeito máis organizado, atractivo e estruturado temas que combinen texto, mapas, planos, gráficos, táboas, etc.
- Poder rexistrar conxuntos de datos, tabulalos e procesalos en diagramas ou gráficos.
- Poder comunicar, xustificar e defender as explicacións e respostas.
- Ter acceso a moitos recursos elaborados noutros países e idiomas.
- Permitir a individualización dos itinerarios de aprendizaxe en función das necesidades reais de cada alumno/a.
- Dar acceso ao alumnado a unha ampla oferta de contidos e actividades de reforzo e consolidación, que lles permitan recuperar as aprendizaxes non superadas.
- Proporcionar autonomía ao alumnado na xestión dos seus propios aprendizaxes.
- Potenciar/facilitar a comunicación entre os membros da comunidade educativa.
- Facilitar o intercambio de ideas e o debilitamento dos dogmas.
- Posibilitar unha maior difusión dos materiais educativos propios e alleos.
- Abordar con maior coordinación as tarefas interdisciplinares con outros profesores do centro.
- Desenvolver proxectos conxuntos co alumnado doutros centros situados en calquera parte do mundo.
- Ofertar aos alumnos material didáctico, información e flexibilización das consultas, a través da páxina Web do centro, do correo electrónico, dun blog, de vídeo/audioconferencias, etc.

- Facilitar a presentación de informacións e traballos
- Dar a coñecer os obxectivos, contidos mínimos e criterios de avaliación das materias ao alumnado e ás súas familias (creando accesos desde a páxina web do centro ou desde os ordenadores da biblioteca escolar), os calendarios de exames e a programación de actividades complementarias e extraescolares.

Para levar a cabo a incorporación das TIC a actividade educativa, o centro dispón de material, distribuído da seguinte forma:

. En tódalas aulas existe conexión a Internet.

- Nas aulas do primeiro da ESO existe material informático do proxecto ABALAR: unha pantalla dixital, portátil para o profesor e portátiles para os alumnos, así como todas as conexión de vídeo, audio e internet precisas.
- Material didáctico elaborado (páxinas web, webquests e presentacións), para o funcionamento do programa Abalar, é accesible para os alumnos de 1º ESO; pero tamén para o resto dos alumnos a través do servidor do centro.
- En certas aulas (as que se accede previa reserva), están instalados un ordenador, canón de vídeo, televisor, reprodutor de vídeo e un reprodutor de DVD.
- Nas aulas de informática están instalados 24 PCs (de uso compartido previa reserva).
- Na Biblioteca están instalados varios ordenadores.
- No Departamento de Xeografía e Historia e na Biblioteca están arquivados DVDs con contidos para a ESO.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Unha vez que as medidas para controlar a pandemia do COVID-19 remataron, o Departamento prevé a realización das seguintes actividades:

- Participación cos alumnos matriculados en Economía (4º ESO) no programa “Finanzas para Mortais”, que inclúe un par de visitas ao Centro dun especialista en temas financeiros durante o mes de marzo de 2023.
- Viaxe a Bruxelas e Estrasburgo cos alumnos de 4º da ESO a principios do mes de maio de 2023 para ver as institucións comunitarias e falar cos eurodeputados galegos.
- Visita ao Parlamento de Galicia cos alumnos de 3º da ESO na última semana lectiva do mes de decembro.
- Celebración dunha mesa redonda sobre pesca con representantes do sector e personalidades europeas, autonómicas e locais, durante o mes de abril de 2023.
- Colaboración coa Deputación de A Coruña, a través da Oficina de Europa Direct, para a posta en valor dos valores europeos durante todo o curso. Traballarase cos alumnos de 3º e 4º da ESO.
- Participación no Proxecto Terra con alumnos de 3º e 4º da ESO para poñer en valor o patrimonio do municipio e relacionalo cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. Isto implica a realización dunha serie de obradoiros ao longo do curso, no que especialistas na materia virán ao Centro para orientar ao alumnado neste proxecto.
- Participación durante o mes de maio con alumnos de 4º da ESO na Olimpiada da Historia que organiza a Universidade de Vigo na cidade de Ourense.

9. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Dado que, esta programación ten carácter de documento aberto e, polo tanto, contempla que, ao longo do curso académico, pode verse afectada/condicionada por diversas variables, que poden implicar a necesidade de readaptala/modificala... os membros deste Departamento consideramos imprescindible consensuar como procedementos e instrumentos para avaliala:

- Levar a cabo un seguimento continuado, nas sucesivas reunión de Departamento, das posibles incidencias/dificultades ou desfases que poidan afectar a programación deseñada.
- Realizar unha análise e un debate, en profundidade, tras cada unha das tres avaliacións dos alumnos das distintas materias programadas, sobre as posibles dificultades/desfases.
- Recoller as incidencias/dificultades ou desfases e as decisións consensuadas ao respecto, para readaptar/modificar a Programación, nas actas das reunións de Departamento.
- Reflectir os aspectos relativos a avaliación da programación, recollidos nas actas, na Memoria final a elaborar no mes de xuño, co obxectivo de que sirvan de base para o deseño da nova programación, para o seguinte curso académico.

Ao final de cada trimestre, como instrumento para a avaliación da programación didáctica en cada materia e no seu conxunto, usaremos a seguinte rúbrica:

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1. Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2. Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4. Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5. Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6. Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7. Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8. Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9. Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10. Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11. Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12. Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13. Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14. O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15. Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16. Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17. Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				

18. Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19. Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20. Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21. Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23. Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24. Elaboráronse as probas tendo en conta o valor de cada estándar?				
25. Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26. Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?				
27. Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28. Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29. Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30. Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31. Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32. Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

10. PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. ▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas. ▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. 	<p>1.1 Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.</p> <p>1.2 Diferencia formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e idéntica as vantaxes, inconvenientes e limitacións.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. O método na economía: modelos económicos. ▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. 	<p>2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.</p> <p>2.2. Diferencia entre Economía positiva y Economía normativa</p> <p>2.3. Representa e analiza</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p>

		gráficamente o coste de oportunidade mediante a Fronteira de Posibilidades de Producción	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. 	<p>3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.</p> <p>3.2 Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CM</p>
Bloque 2. Economía e empresa			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. A empresa e o empresario. ▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B2.3. Clases de empresas. ▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. 	<p>1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.</p> <p>1.2. Valora as formas xurídicas das empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.</p> <p>1.3. Identifica os diferentes tipos de</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p> <p>CAA</p> <p>CD</p> <p>CSIEE</p> <p>CSC</p>

		empresas da súa contorna.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. ▪ B2.6. Sectores da actividade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<p>2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.</p> <p>2.2 Identifica os diferentes sectores económicos, os seus retos e oportunidades.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. 	<p>3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. ▪ B2.9. Resultados da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. 	<p>4.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.</p>	<p>CD</p> <p>CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. 	<p>5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.</p> <p>5.2 Valora a aportación que supón a carga impositiva á riqueza nacional.</p>	<p>CD</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p>

Bloque 3. Economía persoal			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. ▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. 	<p>1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.</p> <p>1.2. Usa ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financiero personalizado.</p> <p>1.3. Manexa gráficos de análise que lle permiten comparar a realidade coas previsións establecidas.</p>	<p>CAA</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. 	<p>2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.</p>	<p>CAA</p> <p>CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. 	<p>3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.</p> <p>3.2. Analiza as vantaxes e os inconvenientes do endebedamento e valora os riscos da decisión.</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p>

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. ▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. 	<p>4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.</p> <p>4.2 Valora a necesidade de ler detidamente os documentos bancarios, así como a importancia da seguridade a través de internet.</p> <p>4.3. Recoñece o feito de poder negociar as condicións bancarias e analiza o procedemento de reclamación ante os bancos.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CAA</p> <p>CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. 	<p>5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CMCCT</p>
<p>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. 	<p>1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.</p> <p>1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos económicos</p>	<p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p>

		<p>relacionados cos ingresos e gastos do Estado.</p> <p>1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e gastos públicos e os efectos a longo prazo.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. 	<p>2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. 	<p>3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CAA</p>
<p>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tipos de xuro. ▪ B5.2. Inflación. ▪ B5.3. Consecuencias dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas 	<p>1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CMCCT</p>

<p>cambios nos tipos de xuro e inflación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. 	<p>magnitudes.</p>	<p>1.2. Explica o funcionamento dos xuros e as consecuencias da súa variación na marcha da Economía.</p>	<p>CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. 	<p>2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.</p> <p>2.2. Analiza os datos do desemprego en España e as políticas contra o desemprego..</p> <p>2.3 Investiga e reconece ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CAA</p>
<p>Bloque 6. Economía internacional</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Globalización económica. ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. 	<p>1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.</p> <p>1.2 Explica as razón que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.</p> <p>1.3 Analiza acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio</p>	<p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CD</p>

		<p>internacional.</p> <p>1.4 Coñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da UE.</p> <p>1.5 Reflexiona sobre os problemas medioambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable</p>	
--	--	---	--

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua e integral. Citaremos como mecanismos de avaliación os seguintes, sen que a orde en que aparecen implique preferencia ou maior importancia:

- **Traballo diario na clase e na casa (40%)**

Será unha parte fundamental do proceso global de avaliación. Durante todo o curso iranse propoñendo actividades que o alumnado deberá desenvolver de xeito autónomo. O interese pola materia, unha participación e actitude positivas nos debates serán fundamentais á hora de avaliar positivamente este aspecto.

- **Probas escritas (60%)**

Realizaranse periodicamente probas escritas individuais. Se un alumno ten unha avaliación suspensa e sen recuperar deberá examinarse dela no exame final de xuño, sendo necesario a súa recuperación para aprobar a materia e que lle faga a media correspondente. Daráselle tamén a opción de examinarse de toda a materia se así o decide o alumno. De non superar ese examen deberá examinarse de toda a materia na proba extraordinaria de finais de xuño.

TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN

Bloques 1 e 2

2ª AVALIACIÓN

Bloques 3 e 4

3ª AVALIACIÓN

Bloque 5 e 6

11. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E CONSULTA DE PROGRAMACIÓN.

O alumnado debe ter constancia da relación entre as competencias, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación descrita para a Educación Secundaria Obrigatoria, así como dos mínimos que se lle exigen en cada nivel e materia, os criterios de cualificación que se aplicarán e instrumentos de avaliación que se empregarán.

Así, cada membro do departamento informará debidamente aos seus alumnos destes aspectos, a modo de introdución do curso, xuntamente con outros tamén importantes, como a metodoloxía que se seguirá, os procedementos e instrumentos de avaliación que se empregarán, ou os criterios de cualificación que se aplicarán.

Ademais, comunicáraselles a existencia no centro dunha copia impresa da programación docente, que poden revisar en caso de ser necesario. A maiores, tanto no departamento como en dirección haberá unha copia en soporte informático (formato pdf), que tamén será consultable, a partir do mes de outubro, na páxina web do centro, no apartado correspondente (Departamento Ciencias Sociais programación):

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespedraaquia/>

Asinan a presente programación, os membros do DEPARTAMENTO de XEOGRAFÍA E HISTORIA, abaixo nomeados:

Pablo Rodríguez Baleirón
Xefe de Departamento

Jacobo Santos Solla